




**EXPEDIENTE M6/2023 DE MODIFICACIÓN DO ANEXO  
DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO  
2023, PRORROGADO DE 2022**



Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000 AAI	Documento 36E17I00KX
Código de verificación  1X4N 702E 0048 2R2M 1DSX	Expediente 36E/2023/21
	Fecha 02-11-2023

## Expediente M6/2023 de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento 2023 (prorrogado de 2022)

### MEMORIA DA ALCALDÍA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, para o seu posterior sometemento ao pleno da corporación municipal o presente expediente, que ten por finalidade a modificación do anexo de subvencións nominativas. Non se modifica o estado de Gastos do Orzamento 2023 (prorrogado de 2022). Modifícase o Anexo de subvencións, documentación que se une ao Orzamento de acordo co artigo 168.1 do TRLRFL. As modificacións do Anexo de Subvencións ou do Anexo de Investimentos, de competencia plenaria que non impliquen modificación, nin alteración dos créditos, nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento só requirirán dunha única aprobación por parte do pleno da corporación municipal, que será inmediatamente executiva.

Dende a Área de Benestar Social propóñense dúas modificacións do Anexo de Subvencións nominativas de 2023 de competencia plenaria que non implica modificación do crédito consignado para o 2023, nin modificación da aplicación orzamentaria. Por unha banda, incrementábase o importe do convenio nominativo, coa Deputación provincial da Coruña “Hogar Infantil Emilio Romay” posto que, segundo o convenio asinado, á compensación anual dos gastos engádeselle o incremento do IPC. Non é necesario tramitar unha modificación orzamentaria xa que existe crédito dispoñible na aplicación para incrementar o importe do convenio.

Doutra banda, modifícase o perceptor dun convenio nominativo aprobado no M2/2023 para o financiamento do programa de sensibilización para a prevención da vida saudable, xa que detectouse un erro no perceptor da subvención. Así, onde figuraba como perceptor a Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria debe figurar a Real Academia de Medicina de Galicia, tal e como se comunica.

**II.-** Este expediente modificativo, consonte se reflicte no informe proposta, axústase ao establecido na Base 6ª das de Execución do Orzamento para 2023, actualmente prorrogadas, que regulan as modificacións que afectan ao Anexo de Subvencións e Investimentos, de competencia plenaria, pero que na medida en que non afectan aos créditos nin tampouco ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos, non é necesario o trámite de exposición pública. Deste xeito, só require dunha única aprobación plenaria. Unha vez aprobada polo pleno da corporación municipal, será inmediatamente executiva, sen necesidade do trámite de información pública.

**III.-** No expediente consta a xustificación da proposta efectuada polo servizo xestor para a tramitación deste expediente M6/2023, así como o informe proposta do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos.

**IV.-** Por iso, procede aprobar o proxecto do expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas M6/2023 do Orzamento de 2023 (prorrogado de 2022), para a súa posterior aprobación por parte do pleno da corporación municipal.

O expediente non implica variacións nos estados de gastos nin de ingresos do orzamento, nin supón cambios na distribución por capítulos do mesmo.

Tramítese o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

A Alcaldesa  
Inés Rey García

**Asunto: Expediente 36E/2023/21 M6/2013 de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento prorrogado 2023.**

**Destino: Xunta de Goberno Local e no seu caso Pleno da Corporación.**

Sométese a informe desta Intervención Xeral o expediente de referencia. Examinado o mesmo emítese o seguinte

#### **INFORME.**

Proponse modificar o anexo de subvencións nominativas no sentido de cambiar dous subvencións prevista nos citado anexo:

1. Convenio nominativo coa Diputación Prorvncial para o cofinanciamento do Hogar infantil Emilio Romay, consistindo a proposta de modificación en aumentar en 1.121,00 € a dotación económica de cara a poder facer fronte ao aumento do IPC.
2. Convenio nominativo para o financiamento do programa de sensibilización para a prevención da vida saludable que íbase asinar coa Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, cambiándose coa modificación proposta o beneficiario a Real Academia de Medicina de Galicia, sen modificar ningún outro elemento.

Para o cambio da finalidade, que non afecta nin altera o estado de gastos do orzamento vixente e como ben di a oficina orzamentaria, so é necesario un único acordo do Pleno da Corporación, sen necesidade de información pública e sen dobre trámite de aprobación, de conformidade ca Base 6ª das aprobadas para a execución do Orzamento 2012 prorrogadas ao 2023, xa que no hai alteracións dos créditos nin das aplicacións orzamentarias do estado de gastos do exercicio corrente, polo que non implica en se mesmo modificación orzamentaria ningunha, senon só un cambio do anexo de subvencións.

Polo exposto non existe inconvintes para que continúe o expediente para a súa aprobación polo Pleno do concello.

É o meu informe.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

**O interventor xeral.**



# Concello da Coruña

Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000	Documento 36E17I00LG
Código de verificación  610N 1H5R 275O 342G 0FFU	Expediente 36E/2023/21
	Fecha 03-11-2023

## Expediente M6/2023 de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento 2023 (prorrogado de 2022)

### Informe proposta

I.- A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente nos artigos 177 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), así como na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo II do Real decreto 500/1990, do 20 de abril (en diante, RD 500/1990). As Bases de execución do Orzamento conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da Corporación, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións considérense oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos.

Así mesmo atenderase ao disposto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, que modifica a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Na Base 6.<sup>a</sup> das aprobadas para a execución do Orzamento de 2022, actualmente prorrogadas, "Vinculacións xurídicas" regúlanse expresamente as modificacións que se pretenden tramitar neste expediente dispoñendo, que cando se trate de modificacións do Anexo de Subvencións ou do Anexo de Investimentos, de competencia plenaria que non impliquen modificación, nin alteración dos créditos, nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento só requirirán dunha única aprobación do Pleno da Corporación que será inmediatamente executiva.

De acordo coa Base 11.<sup>a</sup> das de execución do Orzamento municipal, onde se regulan as subvencións, calquera modificación do Anexo de Subvencións nominativas debe ser aprobado polo Pleno da Corporación. Na devandita base establécese que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento. No suposto que nos ocupa, tramítanse dúas modificacións do Anexo de Subvencións nominativas propostas pola Área de Benestar Social, por unha banda, incrementase o importe do convenio nominativo, coa Deputación provincial da Coruña "Hogar Infantil Emilio Romay", doutra banda, modifícase o perceptor dun convenio nominativo.

Respecto ao convenio coa Deputación Provincial, segundo informe do Departamento de Servizos Xerais de Benestar Social, para o cofinanciamento do Hogar infantil Emilio Romay, é necesaria a modificación do importe. Este incremento é consecuencia de que, segundo o convenio asinado no seu día, á compensación anual dos gastos engádeselle o incremento do IPC anual para a provincia da Coruña. O incremento de IPC, de xaneiro do 2022 a xaneiro de 2023 foi do 5,9%, o que supón un incremento no total para pagar pola anualidade 2023 de 1.121,00€.

Non é necesario tramitar unha modificación orzamentaria xa que existe crédito dispoñible a data de hoxe na aplicación para incrementar o importe do convenio.

En relación coa subvención nominativa aprobada polo Pleno o pasado 13 de abril de 2023, para o financiamento do programa de sensibilización para a prevención da vida saudable, detectouse un erro no perceptor da subvención, que se propón ao Pleno corrixir. Onde figuraba como perceptor a Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria debe figurar a Real Academia de Medicina de Galicia.

Por todo o anterior, propóñense as modificacións do Anexo de subvencións nominativas 2023, no sentido que a continuación se detalla:

Subvencións nominativas aprobadas no expediente M2/2023:

APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE
51.231 .46100	19.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. A DEPUTACIÓN, CONSELLOS OU CABIDOS INSULARES	Convenio Deputación provincial da Coruña. Hogar infantil Emilio Romay	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	P1500000C	Contribución ao financiamento dos gastos derivados do mantemento das prazas de nenos e nenas menores, de 0-12 anos de ambos os sexos en situación de risco ou desamparo social, do centro de menores Hogar infantil Emilio Romay (FIER)
51.231 .48050	10.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria	ASOCIACIÓN GALEGA DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA	G15136245	Financiamento do Programa de sensibilización para a prevención da vida saudable

Proposta de modificación do M6/2023:



# Concello da Coruña

APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE
51.231.46100	20.121,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. A DEPUTACIÓNS, CONSELLOS OU CABIDOS INSULARES	Convenio Diputación provincial de A Coruña. Hogar infantil Emilio Romay	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA	P1500000C	Contribución ao financiamento dos gastos derivados do mantemento das prazas de nenos e nenas menores, de 0-12 anos de ambos os sexos en situación de risco ou desamparo social, do centro de menores Hogar infantil Emilio Romay (FIER)
51.231.48050	10.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Real Academia de Medicina de Galicia	REAL ACADEMIA DE MEDICINA DE GALICIA	Q1568005A	Financiamento do Programa de sensibilización para a prevención da vida saudable

Por tanto, neste expediente M6/2023 propónse unha modificación do Anexo de Subvencións nominativas de 2023 (aprobado no expediente M2/2023), de competencia plenaria que non implica modificación do crédito consignado en 2023, nin modificación da aplicación orzamentaria. Consiste, por unha banda, no incremento do importe do convenio coa Deputación provincial da Coruña para o financiamento dos gastos derivados do mantemento das prazas de nenos e nenas menores en situación de risco ou desamparo social, do centro de menores Hogar infantil Emilio Romay, derivado do incremento do IPC previsto no mesmo. Para facer fronte a este incremento existe crédito na aplicación 51.231.46100.

Doutra banda, propónse o cambio do receptor e NIF do convenio para o programa de sensibilización para a prevención da vida saudable, xa que a entidade que vai colaborar co devandito programa será a Real Academia de Medicina de Galicia, con NIF Q1568005A.

Por iso, de acordo coa Base 6.<sup>a</sup> das de Execución do Orzamento, ambas as modificacións requiren dunha única aprobación polo Pleno da Corporación.

II. O expediente de aprobación do Anexo de Subvencións nominativas do orzamento 2023, vén acompañado da documentación necesaria e da correspondente Memoria xustificativa, na que se ordena a incoación do Expediente.

Elevarase proposta para a súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral por maioría simple dos membros presentes. O expediente non necesita exposición pública (Base 6.<sup>a</sup> das de Execución do Orzamento de 2023, prorrogadas de 2022)

III. Conforme a normativa citada, e se se considera oportuno, sería procedente formular ao Concello Pleno, a seguinte:

**Proposta de acordo:**

1. Aprobar o expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2023, prorrogado de 2022 (M6/2023), incorporando os cambios detallados no seguinte cadro:

Subvencións nominativas aprobadas no expediente M2/2023:

APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE	XESTOR
1.231.46100	19.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. A DEPUTACIÓN, CONSELLOS OU CABIDOS INSULARES	Convenio Diputación Provincial de A Coruña. Hogar infantil Emilio Romay	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA	P1500000C	Contribución ao financiamento dos gastos derivados do mantemento das prazas de nenos e nenas menores, de 0-12 anos de ambos os sexos en situación de risco ou desamparo social, do centro de menores Hogar infantil Emilio Romay (FIER)	Servizos sociais
1.231.48050	10.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria	ASOCIACIÓN GALEGA DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA	G15136245	Financiamento do Programa de sensibilización para a prevención da vida saudable	Servizos sociais

**Proposta de modificación do M6/2023:**





# Concello da Coruña

APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE	XESTOR
1.231 .46100	20.121,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. A DEPUTACIÓNS, CONSELLOS OU CABIDOS INSULARES	Convenio Diputación Provincial de A Coruña. Hogar infantil Emilio Romay	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA	P1500000C	Contribución ao financiamento dos gastos derivados do mantemento das prazas de nenos e nenas menores, de 0-12 anos de ambos os sexos en situación de risco ou desamparo social, do centro de menores Hogar infantil Emilio Romay (FIER)	Servizos sociais
1.231 .48050	10.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Real Academia de Medicina de Galicia	REAL ACADEMIA DE MEDICINA DE GALICIA	Q1568005A	Financiamento do Programa de sensibilización para a prevención da vida saudable	Servizos sociais

2. Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

A Coruña, á data da firma dixital deste documento electrónico

Belén Blanco de Azpiazu  
Xefa de Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos

Conforme,  
Manuel Ángel Jove Losada  
Coordinador xeral da área de Economía e Planificación Urbana

Vº e pr,  
José Manuel Lage Tuñas  
Concelleiro delegado responsable da área de Economía e Planificación Urbana



# Concello da Coruña

Área / Unidad ACTIVIDAD CORPORATIVA SG1000 PSL	Documento 12317100F8	
Código de verificación  5B1W 0D1R 1864 0S26 03VP	Expediente 123/2023/47	
	Fecha 10-11-2023	

**Manuel José Díaz Sánchez**, Secretario Xeral do Pleno do excelentísimo Concello da Coruña,

**Expte. 36E/2023/21**

**Aprobación do expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2023, prorrogado de 2022 (M6/2023).**

**CERTIFICO** que o Excmo. Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 9 de novembro de 2023 adoptou os seguintes acordos, nos propios termos do ditame da Comisión Informativa e coa motivación *in aliunde* do informe proposta do Servizo, de conformidade co art. 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade co voto a favor dos grupos municipais do Partido Popular (12 votos), dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos) e do Bloque Nacionalista Galego (4 votos):

1.- Aprobar o expediente de modificación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2023, prorrogado de 2022 (M6/2023), incorporando os cambios detallados no seguinte cadro:

*Subvencións nominativas aprobadas no expediente M2/2023:*

*Aplicación: 51.231.46100*

*Importe: 19.000,00*

*Denominación aplicación:*

*Transferencias correntes. a deputacións, consellos ou cabidos insulares*

*Descrición transferencia:*

**Manuel José Díaz Sánchez**, Secretario General del Pleno del excelentísimo Ayuntamiento de A Coruña,

**Expte. 36E/2023/21**

**Aprobación del expediente de modificación del Anexo de Subvenciones nominativas del Presupuesto de 2023, prorrogado de 2022 (M6/2023).**

**CERTIFICO** que el Excmo. Ayuntamiento Pleno, en sesión ordinaria celebrada el día 9 de noviembre de 2023, adoptó los siguientes acuerdos, en los propios términos del dictamen de la Comisión Informativa y con la motivación *“in aliunde”* del informe propuesta del Servicio, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, por unanimidad con el voto a favor de los grupos municipales del Partido Popular (12 votos), de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos) y del Bloque Nacionalista Galego (4 votos):

1.- Aprobar el expediente de modificación del Anexo de Subvenciones nominativas del Presupuesto de 2023, prorrogado de 2022 (M6/2023), incorporando los cambios detallados en el siguiente cuadro:

*Subvenciones nominativas aprobadas en el expediente M2/2023:*

*Aplicación: 51.231.46100*

*Importe: 19.000,00*

*Denominación aplicación:*

*Transferencias corrientes. a diputaciones, consejos o cabildos insulares*

*Descrición transferencia:*



# Concello da Coruña

*Convenio Deputación provincial da Coruña. Hogar infantil Emilio Romay*

*Perceptor: Deputación provincial da Coruña*

*NIF: P1500000C*

*Finalidade:*

*Contribución ao financiamento dos gastos derivados do mantemento das prazas de nenos e nenas menores, de 0-12 anos de ambos os sexos en situación de risco ou desamparo social, do centro de menores Hogar infantil Emilio Romay (FIER)*

*Xestor: Servizos Sociais*

*Aplicación: 51.231.48050*

*Importe: 10.000,00*

*Denominación aplicación:*

*Transferencias correntes. convenios nominativos*

*Descrición transferencia:*

*Convenio Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria*

*Perceptor:*

*Asociación galega de medicina familiar e comunitaria*

*NIF: G15136245*

*Finalidade:*

*Financiamento do Programa de sensibilización para a prevención da vida saudable.*

*Xestor: Servizos Sociais.*

*Proposta de modificación do M6/2023:*

*Aplicación: 51.231.46100*

*Importe: 20.121,00*

*Denominación aplicación: Transferencias correntes. a deputacións, consellos ou cabidos insulares*

*Descrición transferencia:*

*Convenio Deputación provincial da Coruña. Hogar infantil Emilio Romay*

*Perceptor:*

*Deputación provincial da Coruña*

*NIF: P1500000C*

*Finalidade:*

*Contribución ao financiamento dos gastos derivados do mantemento das prazas de*

*Convenio Diputación Provincial de A Coruña. Hogar infantil Emilio Romay*

*Perceptor: Diputación Provincial de A Coruña*

*NIF: P1500000C*

*Finalidad:*

*Contribución a la financiación de los gastos derivados del mantenimiento de las plazas de niños y niñas menores, de 0-12 años de ambos sexos en situación de riesgo o desamparo social, del centro de menores Hogar infantil Emilio Romay (FIER)*

*Gestor: Servicios Sociales:*

*Aplicación: 51.231.48050*

*Importe: 10.000,00*

*Denominación aplicación:*

*Transferencias corrientes. convenios nominativos*

*Descrición transferencia:*

*Convenio Asociación Gallega de Medicina Familiar y Comunitaria*

*Perceptor:*

*Asociación gallega de medicina familiar y comunitaria*

*NIF :G15136245*

*Finalidad:*

*Financiación del Programa de sensibilización para la prevención de la vida saludable.*

*Gestor: Servicios Sociales.*

*Propuesta de modificación del M6/2023:*

*Aplicación: 51.231.46100*

*Importe: 20.121,00*

*Denominación aplicación: Transferencias corrientes. a diputaciones, consejos o cabildos insulares*

*Descrición transferencia:*

*Convenio Diputación Provincial de A Coruña. Hogar infantil Emilio Romay*

*Perceptor:*

*Diputación Provincial de A Coruña*

*NIF: P1500000C*

*Finalidad:*

*Contribución a la financiación de los gastos derivados del mantenimiento de las*



# Concello da Coruña

*nenos e nenas menores, de 0-12 anos de ambos os sexos en situación de risco ou desamparo social, do centro de menores Hogar infantil Emilio Romay (FIER)  
Xestor: Servizos Sociais.*

*Aplicación: 51.231.48050  
Importe: 10.000,00  
Denominación aplicación:  
Transferencias correntes. convenios nominativos  
Descrición transferencia:  
Convenio Real Academia de Medicina de Galicia  
Perceptor:  
Real Academia de Medicina de Galicia  
NIF: Q1568005A  
Finalidade:  
Financiamento do Programa de sensibilización para a prevención da vida saudable  
Xestor: Servizos Sociais.*

2.- Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

E para que así conste, expido e asino este certificado, ao abeiro e coa advertencia prevista no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e a resultas do texto definitivo da acta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

Vº e Pr  
Segunda tenenta de alcaldesa

Eudoxia María Neira Fernández

*plazas de niños y niñas menores, de 0-12 años de ambos sexos en situación de riesgo o desamparo social, del centro de menores Hogar infantil Emilio Romay (FIER)  
Gestor: Servicios Sociales.*

*Aplicación: 51.231.48050  
Importe: 10.000,00  
Denominación aplicación:  
Transferencias corrientes. convenios nominativos  
Descripción transferencia:  
Convenio Real Academia de Medicina de Galicia  
Perceptor:  
Real Academia de Medicina de Galicia  
NIF: Q1568005A  
Finalidad:  
Financiación del Programa de sensibilización para la prevención de la vida saludable  
Gestor: Servicios Sociales.*

2.- Facultar a la Alcaldesa para la adopción de los decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.

Y para que así conste, expido y firmo este certificado, al amparo y con la salvedad prevista en el artículo 206 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales, y a resultas del texto definitivo del acta.

A Coruña, en la fecha de la firma electrónica.

Secretario xeral do Pleno

Manuel José Díaz Sánchez